

LÍRICA LATINA

A poesía latina que expresa os sentimentos subxectivos non aparece en poemas exclusivamente líricos ata mediados o século I a.C.

Debátese se os seus iniciadores foron Lutacio Cátulo (cónsul con Sila no 102 a. C.) ou o poeta erótico Levio (en tempos de Sila - 88-80 a.C.-), fose un ou fose outro, o que parece claro é que a poesía lírica non aparece en Roma ata dous séculos despois da primeira obra literaria. A lírica, dada a súa tradición alexandrina, non podía desempeñar a función de interese común, como os outros xéneros literarios, e ademais os primeiros poetas, polo seu *status* social, non tiñan liberdade para escribir o que querían e estaban sometidos ós gustos de quen os patrocinaba.

A poesía lírica grega perderá a súa función social e a súa relación coa vida comunitaria ó longo do século IV a.C. pois desaparecen moitas institucións e acontecementos para os que se escribía. Cando en Roma comeza a literatura e a poesía, a poesía grega era un xogo sofisticado de elites cultas e educadas.

Ó iniciarse o século I a. C. comeza o ocaso dunha prolongada e espléndida fase da literatura latina que acompañara a expansión de Roma desde Oriente a occidente (función social da literatura). O tempo que vai desde a dictadura de Sila ó ano 44 a.C. no que morre asasinado o fundador da dinastía Iulia, Iulio César, é o período máis complexo da historia de Roma, pero tamén o máis creativo. As guerras civís que se viñan madurando desde a reforma agraria dos Gracos agravan os problemas internos e apartan os ánimos dos cidadáns cara a espazos da vida privada, da intimidade, da meditación e o estudo. Enseñórase o individualismo e o seu refrezo, a cultura do “otium”.

Roma agora mírase no espello de Grecia do século IV a.C. cando o coñecido como período clásico da paso ó helenístico, o que no ámbito político ten como resultado a aparición dos monarcas. Os cidadáns, que empezaron a sentir escaso compromiso co Estado, centran todas as súas forzas na súa vida privada.

Este é o xermolo da poesía alexandrina: renuncia a todo que sexa grandeza e predilección polas pequenas cousas; en vez dos solemnes e longos poemas épicos, composicións breves e delicadas. Esta estética alexandrina asoma en Roma polo final do século II a. C. de man de Lutacio Cátulo e o seu grupo.

Na época helenística, momento en que en Roma se comeza a facer literatura, a poesía grega era un divertimento de elites, afastada da súa función social.

O mundo romano deste momento tiña outras miras e outras preocupacións e a poesía lírica non era una necesidade que colmase outras esixencias, polo que tería que

esperar ó século I a. C. cando en Roma se producen un conxunto de acontecementos e cambios:

- Cambio no *status* social dos poetas: os poetas e homes de letras pertencen a clases altas e economicamente sólidas o que lles permite autonomía, liberdade de expresión, e desentendemento das preocupacións colectivas. Un campo abonado para que o obxecto da obra poética sexan os valores persoais do poeta, os seus sentimentos, as súas ideas, as súas preocupacións e a súa vida. Emerxe , pois, o individualismo na literatura.
- Nova concepción das funcións da poesía e das relación poeta-público: as funcións tradicionais consistían en entreter, educar e cantar as glorias da patria. Agora xa non se escribe pensando nun público habituado ós valores que lle impoñía a tradición, alleos ós intereses do propio poeta.
- Desinterés e afastamento do poeta do colectivo de cidadáns. Por outra parte existe un público culto e esixente, froito dunha educación máis cabal que favorece o desenvolvemento da lírica no últimos tempos da República.

OS NEOTÉRICOS, CATULO E A INFLUENCIA DE CALÍMACO.

No cambio de actitude cara ós poetas e a poesía é crucial o movemento neotérico da República tardía, polo menos estes vangardistas pensan que lle senta ben a un romano da clase alta ser simplemente poeta.

Neotéricos (“modernos”, “epígonos”, “novísimos”) é o término que designa o que se coñece da nova poesía latina a partir de Catulo (84-54 a. C.?) e o grupo de poetas cos que se asocia , fortemente influídos polo grego Calímaco (300-240 a. C.). En cada momento recíbense aspectos diferentes da obra do lírico grego: nuns casos o feito de cultivar xéneros diferentes, noutros a preferencia por formas menores (poema breve e refinado) e o desprezo dos grandes xéneros e temas (épica, traxedia), a ruptura do automatismo entre os poetas gregos da identificación do metro cun tema concreto.

Os *neotéricos* son poetas de condición social elevada que non necesitan da literatura para subsistir, que se moven na esfera do *otium* e da literatura como divertimento. Non deixa de resultar paradóxico que o oficio de poeta *snob* e frívolo sexa máis considerado que nunca na Roma deste momento.

Catulo é o gran descubridor do individuo e os seus valores o que supón tamén desde o punto de vista metaliterario da individualidade do poeta, o paso do poeta artesano-imitador ó poeta artista con seu selo persoal. As condicións políticas e ideolóxicas de finais da República, cambiantes e contradictorias reflíctense no individualismo e a poesía catuliana. O desprezo da épica supón o desprezo dos valores proclamados pola

política do momento que se atopaban expresados na literatura oficial tradicional: o “vir gravis” da tradición ha dar paso ó “vir “lepidus”. A “urbanitas” e a “amicitia” son os novos valores.

Catulo amósanos como os neotéricos levan a cabo a fusión entre as dúas poesías gregas: imita a lírica de Safo, Anacreonte e, ó mesmo tempo, a dos alexandrinos Calímaco e Filodemo.

A POESÍA E A SOCIEDADE AUGÚSTEAS.

O panorama previo á chegada de Augusto ó poder era politicamente complexo e ademais especialmente sanguento, guerras civís, revoltas, ata chegar a unha paz imposta: un momento historicamente delicado no que o sistema republicano da paso ó Imperio. A literatura acada a súa época dourada e os poetas teñen claro que o seu papel é conseguir a inmortalidade.

Resulta útil, para unha mellor comprensión, dividir este espazo histórico en tres momentos: o período triunviral, que comeza o 43 a.C., cando o Imperio Romano queda en mans de Octavio, Antonio e Lépido empeñados en poñer orde no caos; o primeiro período augústeo o 27 a.C, despois da derrota de Antonio en Accio no ano 31 a.C., cando o papel imperial de Octavio está discreta pero efectivamente definido e cando el mesmo asume o título de Augusto. Finalmente un terceiro cambio que se comeza a percibir en torno ó ano 20 a.C. cando Octavio Augusto exerce o poder monárquico sen miramentos, o que vai ter unha influencia determinante na literatura.

Á época do triunvirato pertencerían os *Épodos* e as *Sátiras* de Horacio e as *Eglogas* e *Georgicas* de Virxilio, a primeira época de Augusto, os libros I, II, III de *Odas* de Horacio, xunto coa *Eneida* de Virxilio e ó segundo período augústeo *Odas*, libro IV , e a *Ars Poetica*, tamén de Horacio .

Neste período augústeo asistimos ó cambio final de actitude cara á poesía e ós poetas. Agora a poesía non é só unha preocupación digna e única para os cidadáns romanos de clase respectable; os poetas renuncian ó esteticismo e comprométesen coa sociedade ou vense na obriga de defender a súa falta de compromiso. Volve a estar en xogo a visión grega clásica da poesía: traballo de xente con talento, que serve ós cidadáns como educación moral.

Aínda que neste momento os poetas pertencían as clases altas e non dependían economicamente de ningún padroeiro como os seus predecesores, o padroado sobrevive, xa que o que os poetas obtiñan era a axuda moral dun gran home, o pretixio de ser asociado a un gran grupo de poetas prestixiosos, a publicidade, e a oportunidade de participar nas *recitationes* privadas, públicas e semipúblicas.

No primeiro período augústeo Mecenas é o patrón que mediaba entre poetas e *princeps*, e Augusto o que quería era que a súas fazañas heroicas quedasen recollidas nun poema épico, a inmortalidade, nunha palabra, pero o problema era que os poetas tiñan escrúpulos, morais e literarios. Pero a diplomacia sempre atopa solución para resolver os problemas cos poderosos; grazas a reputación de Mecenas os poetas tiveron a liberdade de non aceptar imposicións ou cumprilas á súa maneira.

No segundo período augústeo decae a influencia de Mecenas e os poetas pasan a depender directamente do emperador.

HORACIO (Venusa, 65-8 a.C.): *princeps Aeolium Carmen ad Italos/deduxisse modos*

Os poetas do círculo de Mecenas eran de clase acomodada, pero Horacio necesitaba un medio de vida, e o que conseguiu de Mecenas e Augusto foi vivir un ocio moi comfortable na cidade e no campo. Estar baixo o patronato de Mecenas era estar baixo o patronato do goberno, e o poeta viase moralmente obrigado a facer propaganda da política do goberno; parece unha tarefa denigrante para quen presumía de independencia, pero dadas as circunstancias, tamén unha responsabilidade, segundo se mire.

No período triunviral Horacio aínda mostra nos *Epodos* e *Sátiras* o libre arbitrio republicano e a escasa simpatía polos triunviros. Nas súas mans os *Epodos* son unha fórmula de expresión da intimidade do poeta, impregnada de *acerbitas* (*acritude, agresividade*), atenta ós conflitos persoais e públicos dentro dun tono de pesimismo xuvenil. Pero sen moito tardar Mecenas reúne a Horacio cos do seu círculo e tirallo o compromiso de apoio ó proxecto político de Octavio, que a non tardar ía ser vehemente. Horacio coida da súa imaxe en posición patronizada e afirma que a súa aceptación é un proceso honroso baseado no mérito, e que o círculo é un grupo de homes coa mesma mentalidade, e que na súa relación co patrón non había nada degradante.

Horacio entende neste momento que o seu espírito poético necesita renovación: a expresión persoal non está sometida a un estado de ánimo inmutable e pesimista, senón que recibe o influxo do ambiente que o rodea ó mesmo tempo que se deixa levar polo cambio constante das súas propias emocións. Esta obsesión por abrirse ó exterior quizá o levase a centrar o seu traballo poético nas *Odas*.

Horacio estaba orgulloso de ser o primeiro en facer poesía lírica en latín. A musicalidade da métrica eólica permítelle expresar todo o universo afectivo sen caer na monotonía dos xéneros tradicionais que ligaban o metro a un tema determinado e viceversa.

Nos primeiros libros de *Odas* (I, II, III) Horacio desempeña o papel dun Alceo, cidadán fondamente comprometido, que escribía patrióticamente sobre temas candentes do momento, pero que non deixaba de pensar que na marxe desa obriga había un

espazo para o ocio, o amor e o viño. A mesma fusión das dúas poesías gregas que se dera cos neotéricos advírtese en Horacio, de feito, o poeta de Venusa non só leva adiante o programa dos poetas do círculo de Catulo senón que os supera.

Se ben hai opinións distintas sobre a poesía horaciana, catalogándoa como fría, intelectual, cerebral, etc, quen mellor nos podería achegar a una visión máis equilibrada é Nietzsche:

” Nunca ata o día de hoxe tiveron un gozo similar con ningún poeta como o que me proporcionou sempre una Oda de Horacio. Os logros destas obras son difíciles de acadar noutras linguas. Este mosaico de palabras, no que cada unha, pola súa sonoridade, pola súa posición, polo seu significado, estende a súa influencia á dereita, á esquerda e sobre todo ó conxunto; este mínimo na extensión e número de símbolos, o máximo de eficacia obtido polos mesmos, é moi romano e, ó meu ver, elegante sobre todo”.

Son moitos críticos os que poñen máis énfase na perfección, na harmonía do conxunto, na soltura do manexo dos recursos da lingua, na novidade da súa técnica.

Tomando as **Odas** en conxunto, a variedade e complexidade temática e a riqueza métrica son os aspectos máis significativos, aínda que moitos dos temas son reelaboración de temas xa tratados en **Epodos**. Horacio quere que os seus temas preferidos poidan expresarse en diferentes formas estróficas e que nunca unha forma escravice a un tema ou o seu tratamento.

Nas **Odas** o pensamento de Horacio, a súa melancolía, o seu sentido epicúreo da vida, a súa incredulidade e desconfianza, a renuncia ás grandes ambicións son obxecto da súa contemplación artística; os principios da **aurea mediocritas**, de se contentar con pouco, de reter o momento que foxe, de esperar sempre a morte transfórmanse en efusións dunha experiencia interior.

Os grandes temas da lírica horaciana son o amor, a amizade, os himnos, os banquetes, a natureza, as reflexións filosóficas (o tempo, a morte, o destino do home e a súa posición no mundo, a sabiduría) e vitais e políticas.

Unha cuarta parte das Odas pode considerarse poesía amorosa, pero desde a distancia, desde a crítica, desde o cinismo. Non fala das súas paixóns nin das súas emocións, descríbeas como se non fosen con el. É neste punto onde se afasta de Catulo. Esta actitude non debe de sorprendernos vindo como ven dun epicúreo que considera o amor como un conxunto de penas e preocupacións que a el non lle afectan nin o inmutan.

A **Oda 1.5** contén a mensaxe típica horaciana: o amor, a ocupación do ocio, é unha ocupación efímera, que se esvae como o fume, indigna de confianza, aínda que por iso mesmo pode ser dolorosa.

Na **Oda 3.28** Horacio preséntase como o poeta do viño e o amor e contén outra mensaxe moi horaciana: é día de festa, e polo tanto tempo de ocio: hai que beber viño, tocar música e facer o amor.

Aínda que Horacio algunha que outra vez perde o seu proverbial equilibrio deixándose levar polo panexírico fácil, chegou a crear un método para facer poesía pública mediante un proceso de asociación e substitución, moi parecido ó de Virxilio na *Eneida* (*Oda 3.5 ou 3.4*)

Pese á complexidade temática das *Odas*, a unidade, que se acada gracias a súa estrutura, foi reclamada por varios autores:

- Composición lineal: odas cun número indeterminado de estrofas que desenvolven un tema ou acontecemento progresivamente cunha **gradatio** ascendente ou descendente.
- Composición en anel: odas que comencan e rematan cun mesmo tema.
- Composición bimembre: odas con dúas partes de extensión similar, antitéticas ou paralelas, con dous temas diferentes ou un tratamento diferente do mesmo tema.

A singularidade deste grupo de poemas, desde a perspectiva dos xéneros literarios, radica en que ese mundo está contido dentro dos moldes da poesía lírica, que aparece así, gracias a versatilidade métrica e rítmica, como o xénero non caracterizado, o que quere dicir que serve para todo, fronte a disciplina estricta do resto dos xéneros. En *Odas* hai poesía subxectiva e obxectiva sen que sexa fácil marcar un lindeiro, poesía de tono elevado, pero tamén de tipo epigramático, poesía de contido mitolóxico, pero tamén das cousas cotiás: esta actitude integradora é a manifestación da supremacía da **aurea mediocritas**.

É admirable que consiga sintetizar el só a Alceo, Safo, a Alcman e Teognis, Tirteo e Calino, Anacreonte e Píndaro, sin esquecer o gran Calímaco, toda a lírica grega en molde latino. Esta poesía proporcionoulle os moldes rítmicos.

A poesía lírica latina tivo en Catulo e Horacio os poeta máis senlleiros, ó longo da historia houbo outros pero inspirados en concepcións artísticas e literarias diferentes.

BIBLIOGRAFÍA:

Carmen Codoñer (ed). *Géneros literarios Latinos*. Salamanca, 1987.

Carmen Codoñer (ed). *Historia de la Literatura Latina*. Madrid, 1997.

E. Fraenkel. *Horace*. Oxford, 1957

R.O.A.M. Lyne. *Poesía y sociedad augústea en Historia Oxford del Mundo Clásico*, Madrid, 1988.

R.O.A.M. Lyne. *The Latin Love Poets from Catullus to Horace*. Oxford, 1980.